

1. Tipos de texto:

- A noticia (72)
- A crónica (72)
- A reportaxe (100)
- A convocatoria (157)

2. O tecido da lingua:

- Coherencia (48)
- Cohesión: repetición, substitución e deíxe (74/102)

3. Lingua e sociedade:

- Bilingüismo e diglosia (80)

4. A lingua por dentro:

- Lexemas e morfemas (30)

- O substantivo (54)
- O adxectivo (82)
- Os determinantes (108)
- Análise sintáctica de sintagmas substantivos, adxectivos e preposicionais

5. Literatura:

- Cantigas de amor (38)
- Cantigas de escarnio e maldicir (64)
- Xéneros menores e Cantigas de Santa María (65)
- Prosa medieval (65)

1. Tipos de texto:

- **A noticia (72)**

- De que tipo son a maioría dos textos que atopamos nun xornal?
- Que pode ser noticia?
- Que é a sección dun xornal? Cales son as máis habituais?
- Por que dous factores podemos saber a importancia que un xornal lle dá a unha noticia?
- En cantas partes se pode estruturar nunha noticia?
- Cales son as funcións dun titular? De que tipo poden ser?
- Cales son os “6w” dunha noticia?
- Nas noticias a cantidade de información vai de máis a menos ou de menos a máis?
- Como adoita ser o estilo lingüístico dunha noticia?  
Adoita ser breve e conciso, con oracións que respectan a orde sintáctica. O léxico é sinxelo e obxectivo; é dicir, predoniman os significados connotativos fronte aos denotativos e evítanse as valoracións.
  - **A crónica (72)**
- Cales son as principais características da crónica?  
Ten unha estrutura similar á da noticia, mais segue unha orde cronolóxica (narrativa en moitas ocasións) polo que a cantidade de información non vai de máis a menos. Está escrita por unha

persoa experta ou especializada no tema ou por alguén que viviu os feitos que relata en primeira persoa. Mestura información e valoración dos feitos.

- **A reportaxe (100)**

A reportaxe é unha noticia ampliada. É un texto informativo que nos ofrece unha visión extensa e documentada dun tema de interese ou actualidade.

- Cales son as características máis destacadas dunha reportaxe?
  - é un texto informativo
  - ofrece información precisa e documentada
  - inclúe datos, testemuños e análises de persoas expertas no tema
  - inclúe información gráfica: fotografías, gráficos, infogramas, mapas...
  - a estrutura externa é como a da noticia: titular, entradiña e corpo
  - normalmente ten estrutura interna narrativa ou expositiva (non como a noticia)
  - estilo máis expresivo e literario que a noticia, pode ser máis persoal e con treitos descritivos
  - asinada polo autor ou autora

- **A convocatoria (157)**

A convocatoria é un texto formal dirxido a unha persoa ou grupo para informar sobre unha reunión, un evento ou participar nun concurso.

- Que información se recolle normalmente nunha convocatoria?

O convocante (quen “invita” ou propón o acto, reunión ou concurso), o obxectivo, a data e o lugar. De ser unha reunión, adoita incluír unha orde do día (lista de temas que serán tratados na reunión nunha orde determinada); de ser un concurso, debe incluír tamén as bases (condicións para se presentar, descrición dos premios e do xurado e criterios de selección).

## **2. O tecido da lingua:**

- **Coherencia (48)**

- Que é un texto coherente?

É un texto que escolle a información, a estrutura e o tipo de lingua necesaria para acadar o seu obxectivo da maneira máis eficaz e efectiva.
- Que factores se deben ter en conta para que un texto sexa coherente?
  - Cantidade e claridade da información (toda a información debe ser relevante, a xusta e necesaria, non debe haber información de máis nin de menos, non se deben repetir as ideas nin deixar ideas sen desenvolver. Debe evitarse a pobreza léxica e expresiva)
  - Organización (debe estar estruturado en ideas sencundarias que se distribúan en diferentes parágrafos. Cada parágrafo desenvolve un tema e subtema facendo referencia sempre ao tema central do texto).
  - A información non debe ser contraditoria.

- **Cohesión: repetición, substitución e déixe (74/102)**

- Que é un texto ben cohexionado?

É un texto no que as palabras, as oracións e os parágrafos están ligados (desde o punto de vista gramatical (concordancias) e léxico-semántico (significados) dun xeito claro e lóxico.
- Cales son os principais mecanismos de cohesión?

A repetición de palabras, a substitución, a déixe, a puntuación e os conectores.

- Como podemos substituír as palabras dun texto?

Podemos substituílas por sinónimos, hiperónimos, pronomes, adverbios ou expresións equivalentes no contexto. Tamén podemos substituílas por nada, é dicir eliminalas sempre que poidamos recuperar a información polo contexto (elipse).

- Que é a deíxe? De que tipos pode ser?

Deíxe refírese á propiedade da lingua de indicar, de sinalar no momento da comunicación as persoas que participan nela ou o espazo e o tempo onde e cando ten lugar. Esta referencia pode ser a elementos que están fora do texto ou dentro do texto. A deíxe de persoa realízase por medio de pronomes, posesivos e a variación persoal dos verbos; a de espazo, por medio de adverbios e demostrativos e a de tempo, por medio de adverbios e a información temporal das formas verbais.

### **3. Lingua e sociedade:**

- **Bilingüismo e diglosia (80)**

- Que significa que dúas linguas estean en contacto?
- A que tipo de sociedades dá lugar o contacto lingüístico?
- A distribucións das linguas que conviven dentro dunha sociedade pode ser diferente dependendo de dous criterios. Cales son? Cres que estas diferentes distribucións conlevan moitas diferenzas para as persoas que falan cada unha das linguas?
- A distribucións de diferentes linguas nunha sociedade pode ser estable ou inestable. Pon un exemplo de cada un destes casos.
- Que provoca unha situación inestable? Como pensas que se pode resolver esta situación?
- Que é a diglosia?
- Que é a lingua materna dunha persoa?
- Que é ser bilingüe inicial?

Exercicio 2 e exercicio 4 da páxina 81.

### **4. A lingua por dentro:**

- **Lexemas e morfemas (30)**

Ser capaz de separar os lexemas e morfemas de substantivos e adxectivos, indicar o tipo de morfemas que forman unha palabra e indicar se as palabras son simples, derivadas, compostas ou parasintéticas.

- **O substantivo (54)**

- Que é un substantivo?

Exercicios: 2, 5, 6 da páxina 57.

- **O adxectivo (82)**

- Que é un adxectivo?
- Que graos ten o adxectivo?
- Hai algunha diferenza entre “cortaron as árbores vellas do parque” e “cortaron as vellas árbores do parque”?
- Que diferenza hai entre adxectivos explicativos (ou epítetos) e adxectivos especificativos?

Exercicios: 5, 6 e 7 das páxinas 84 e 85

- **Os determinantes (108)**

- Que é un artigo?
- Que é un demostrativo?
- Que é un posesivo?
- Que é un indefinido?
- Que é un numeral?
- Que son os exclamativos e os interrogativos?
- Todas estas palabras poden funcionar como DETERMINANTES? E como PRONOMES?

Exercicios: 3, 5, 6, 7, 10 e 11 das páxinas 110 e 111.

- **Análise sintáctica de sintagmas substantivos, adxectivos e preposicionais**

Sintagma nominal: DETERMINANTE + NÚCLEO + MODIFICADOR.

O sintagma nominal, na oración, pode funcionar como SUXEITO, ATRIBUTO, CD, CC, VOCATIVO, OU TERMO.

Sintagma adxectivo: MODIFICADOR + NÚCLEO.

O sintagma adxectivo pode funcionar, na oración, como: MODIFICADOR, ATRIBUTO, COMPLEMENTO PREDICATIVO.

Sintagma preposcional: ENLACE + TERMO. Dentro do sintagma nominal o sintagma preposcional funciona como MODIFICADOR.

Exercicios: 7 e 8 da páxina 57; exercicio 9 da páxina 85.

## 5. Literatura:

### • Cantigas de amor (38)

- Que é unha cantiga de amor? Cal é a súa orixe?
- A quen se dirixe o poeta neste tipo de cantigas?
- Que é o amor cortés?
- Como é a muller que aparece reflexada neste tipo de cantigas?
- Cal é o tema máis común das cantigas de amor?
- Que diferenza hai entre un *dobre* e un *mozdobre*?
- E entre unha *finda* e unha *atá-finda*?
- En que se diferencian as cantigas de refrán das de mestría?

### • Cantigas de escarnio e maldicir (64)

- Que son as cantigas de escarnio e maldicir?
- A que estratos sociais se critica?
- Cal é a diferenza entre unha cantiga de escarnio e unha de malidicir?

– Cal é a súa orixe?

– Que tipos de cantigas de burla diferenciamos segundo o seu tema?

- **Xéneros menores e Cantigas de Santa María (65)**

– A que chamamos xéneros menores na lírica galego-portuguesa medieval?

– Pon tres exemplos de tipos de cantigas que se consideren xéneros menores? Explica brevemente en que consiste cada un deles.

– Que son as Cantigas de Santa María?

– Sábese quen é o autor?

– Por que se poñen de moda na Idade Media as coleccións de miragres marianos?

– Que intención tiña Afonso X con esta obra?

– En que se diferencian as cantigas de loor das narrativas?

– De cal dos tipos hai máis?

– Que outro nome recibe cada un destes dous tipos?

Tes que ser capaz de ler correctamente algunhas destas cantigas (amor, xéneros menores e cantigas de Santa María).

- **Prosa medieval (65)**

- As obras que conservamos escritas en galego en prosa da época medieval, son obras orixinalmente escritas en galego?
- En que dous periodos se realizaron estas traducións?
- De que falan estes libros?